



OSCAR CELA

Alberte Corral ten publicados dous poemarios

José Alberte Corral presentou a súa novela, «Do lusco-fusco»

REDACCIÓN

LUGO

O escritor coruñés José Alberte Corral presentou onte en Sargadelos a súa última novela, *Do lusco-fusco*. Para a ocasión contou coa presenza das profesoras Isabel Parga e Dores Valcarce, que fixeron unha aproximación crítica á obra. O libro foi publicado por Baía Edicións, na súa serie de relatos e narrativa.

Do lusco-fusco representa o espazo temporal no que o real e o

fantástico se confunden e o instante familiar no que todos os membros da familia se xunta na lareira para dar conta do mundo vivido e soñado.

A literatura de Corral Iglesias está apegada ó barrio coruñés de Monte Alto, «punto de partida de experiencias colectivas de galegas e galegos no último período da nosa historia», sinalaron desde a editorial. Antes publicara dous poemarios: *Del amor y la memoria* y *Palavra e memória e acarom da brêtema*.